



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONOMICA DA S.A. DE XESTION DO PLAN XACOBEO RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ASOCIACIONES DE AMIGOS DEL CAMINO DE SANTIAGO

PRIMEIRO.-

1.- Constitúe o obxecto da Sociedade, entre outras as seguintes actividades

- As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.
- A coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobeas, en especial, as exposicións, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias.

A S. A. de Xestión do Plan Xacobeo considera esencial e imprescindible o labor das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en orde a potenciar os itinerarios xacobeos, a información aos peregrinos, os programas de voluntariado como hospitaleiros nos albergues, a promoción da cultura xacobeas e todo aquilo que redunde en beneficio do Camiño de Santiago e dos peregrinos.

O Camiño de Santiago reúne unha rica experiencia histórica e a vivencia intercultural contemporánea nun excepcional escenario natural, patrimonial e humano. Ao longo dos séculos o Camiño de Santiago consolidou unha amplísima rede de itinerarios que abrangue toda Europa e España e que ten como meta a Catedral de Santiago de Compostela, en definitiva Galicia.

a Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago ten entre os seus fins:

- *Actuacións ante Organismos e Institucións, tanto públicas como privadas, en orde á revitalización, defensa, conservación, limpeza e potenciación do patrimonio histórico-cultural dos Camiños de Santiago, cando estas actuacións teñan carácter multiprovincial ou uniprovincial si é a petición da Asociación ou Asociacións que incidan na zoa xeográfica motivo de tal actuación.*
- *Información e apoio aos peregrinos e a os viaxeiros e calquera outras persoas ou entidades que mostren o seu interese polos Camiños de Santiago, no marco que non sexa da súa competencia, polo seu carácter de territorialidade, das Asociacións membros da Federación.*
- *Estudos, investigacións e publicacións histórico-culturais dos Camiños e o seu entorno, con carácter xeral e que incida en todos os Camiños ou no espazo xeográfico correspondente a máis dunha Asociación.*
- *Relacións con persoas, institucións ou organismos de carácter nacional, autonómico, provincial ou local, representando ás Asociacións en cantos fins e motivos de carácter xeral poidan existir, incluso ante organismos e institucións públicos ou privados, de carácter nacional e internacional.*
- *Promoción de calquera tipo de actividades culturais, conferencias, congresos, exposicións, viaxes e peregrinacións, en colaboración coa Asociacións.*



- *Organización, xestión e impartición de cursiños que teñan como destino a atención de albergues de peregrinos, oficinas de información, campos de traballo e, en xeral, calquera outra actividade relacionada cos Camiños de Santiago.*
- *Organización e xestión de persoal voluntario con destino ás actividades que se desenvolvan nos Camiños de Santiago.*
- *Atención a instalacións e institucións dedicadas especialmente á axuda a os peregrinos e información dos Camiños de Santiago.*
- *Colaboración con cantas entidades civís ou eclesiásticas que, coincidindo coas súas actividades, permitan ampliar e potenciar obxectivos comúns.*
- *Edición de publicacións Xacobeas de calquera tipo e por calquera medio, así como a divulgación do fenómeno Xacobeo mediante calquera medio de comunicación.*

Entre as diversas actuacións que promoven está a información e apoio aos peregrinos que percorren o Camiño de Santiago de Compostela; promoción e realización de estudos e investigacións sobre o Camiño de Santiago e a súa contorna así como todo tipo de actividades culturais; actuar diante de organismos, institucións, entidades e persoas, tanto públicas como privadas, en orde á defensa e conservación do patrimonio cultural do Camiño de Santiago, etc.

Ao abeiro deste convenio a Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago pretende realizar a seguintes actividade: 1ª Peregrinación Antártica.

Con datas 4 a 7 de Xullo sobre 125 peregrinos (procedentes da Armada e Exército de Terra, e científicos de distintas Universidades Españolas; en Campaña anual de Investigación na Antártica, tanto na Base Antártica Española "Gabriel de Castela" como no Buque de Investigación Oceanográfica "HESPERIDES") van culminar a 1ª Peregrinación Camiño Xacobeo da Antártica, cubrindo unha distancia de 14.075 Quilómetros entre a illa Decepción (Antártida) e o sepulcro do Apóstolo Santiago na catedral de Santiago de Compostela. O día 29 de febreiro iniciaron a súa peregrinación, partindo desde Illa Decepción e chegando á súa base, no Arsenal de Cartaxena, o 19 de abril.

Este proxecto do primeiro Camiño Xacobeo Antártico incluía unha fase final de peregrinación na cal unha representación de cada unha das Institucións implicadas efectuarían, en conxunto, un percorrido a pé até a Catedral de Santiago de Compostela, ofrecendo ao Apóstolo, como agradecemento e recoñecemento deste novo Camiño o Banderín símbolo do proxecto que, folles entregado en custodia, pola Federación Española para ser izado na Illa Decepción, arriado ao finalizar a campaña e trasladado de novo no seu regreso.

A Federación Española de Asociaciones de Amigos do Camiño de Santiago que foi a promotora e coordinadora deste proxecto, xunto ao Instituto Xeográfico Nacional



(IGN), e contou, desde o inicio, coa entrega e colaboración necesaria tanto do Exército de Terra como a Armada, unirse aos peregrinos durante esta fase final da peregrinación cunha representación de varios membros da Xunta Directiva e de Asociacións Federadas, cunha participación aproximada de 30 persoas.

A programación desta fase final da peregrinación será:

Domingo, 3 de Xullo do 2016

Chegada desde os distintos puntos de España dos membros da Federación e Asociacións a Pontevedra, prevese acollelos nas instalacións do E.T. da BRILAT, en Figueirido (Pontevedra), manter unha reunión no Concello de Marín e transmitirllles o agradecemento pola súa colaboración.

Luns, 4 de Xullo do 2016

Reagrupación ás 9,00 horas na Igrexa de "A Peregrina" de Pontevedra, onde se realizará unha Bendición aos Peregrinos, selado de Credenciais e rolda de prensa polos distintos medios de comunicación. Saída polo Camiño Portugués e posterior desvío cara ao Camiño do Salnés ou Ruta Espiritual, pasando polo Mosteiro de Poio, pequena parada para continuar cara a Combarro, Miradoiro do Outeiro da Xesta e final de etapa no Mosteiro de Armenteira con Comida en Restaurante da Localidade. Ao non existir suficiente capacidade de acollida nesta localidade esta previsto retornar ao momento de inicio e regresar a Armenteira ao día seguinte para continuar o Camiño.

Martes, 5 de Xullo do 2016

Saída de Armenteira sobre as 9 da mañá, con primeira parada en Ponche Arnelas, continuando cara a Vilanova de Arousa onde a corporación municipal ten prevista recepción en Casa Museo de Valle-Inclán (onde anteriormente abriría unha exposición sobre o proxecto) e posterior embarque en catamarán para facer percorrido da Ruta do Mar con final de etapa en Padrón recepción por autoridades municipais e visita a diversos puntos relacionados co Apóstolo para pasar a noite en diversos albergues da localidade.

Mércores, 6 de Xullo do 2016

Ás 9 da mañá reagrupación para poder visitar as Casas Museo de Rosalía de Castro e Cándido José Cela e posteriormente dirixirnos cara a Milladoiro. Pola noite, cea de confraternización voluntaria e pasa a noite nos distintos lugares de hospedaría da zona.

Xoves, 7 de Xullo do 2016

Ás 08,30 da mañá reagrupación para acometer o tramo final, xunto con membros do Instituto Xeográfico Nacional, que se unirán nesta última etapa, entrando en Santiago de Compostela pola Alameda de Santiago, aproximadamente sobre as 10 horas, e na que se espera nos reciba o Xerente



do Xacobeo. Continuaremos avanzando pola Rúa do Franco até a Praza do Obradoiro, onde se dará paso á foto Institucional. Tras unha entrevista co Sr. Alcalde no Concello, terá lugar a entrada pola Porta Santa, visita da Catedral e Misa do Peregrino, entrega do Banderín da Antártida ao Sr. Arcebispo. Posteriormente saúdo polo Sr. Presidente da Xunta no Hostal dos Reis Católicos e nese espazo darase lugar a diversos discursos e palabras de agradecemento para todos os que participaron neste Novo Camiño de Santiago ANTARTIDA de 14.075 Km. Para terminar ofrecerannos unha copa de confraternización a todos os presentes.

A colaboración iniciada no ano 1992 pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para a difusión das rutas xacobeas coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, instaladas tanto dentro coma fóra do territorio galego converteuse, co paso dos anos, nunha ferramenta imprescindible para fomentar a chegada de peregrinos que, á súa vez, impulsan o desenvolvemento económico e social de Galicia. Estas entidades son as principais prescriptoras e informadoras dos futuros peregrinos, distribuindo cada ano, nos cinco continentes, milleiros de credenciais, folletos informativos, etc., que teñen en todos os casos a Galicia como meta. Como é fácil comprobar en decenas de webs e redes sociais realizan estas accións sen custe para a nosa Comunidade Autónoma, maila concentrarse aquí os tramos finais de todas as vías xacobeas e a meta das mesmas.

Manter esta colaboración coas Asociacións do exterior de Galicia é fundamental para asegurar o fluxo de peregrinos xa que o espazo físico do Camiño, tanto na historia como no presente, ten unha dimensión que transcende o ámbito galego, español e europeo. Así queda acreditado no número de peregrinos que cada ano acoden a Compostela.

Por todo o descrito, as referidas actuacións que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia deste Convenio, encaixan no marco das relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago que ten encomendadas esta Sociedade Anónima, non sendo posible promover a concorrència pública, dada a especificidade do programa e a natureza da Asociación única no seu ámbito territorial.

Ademais este convenio cumpre cos criterios obxectivos de selección sinalados no Plan Estratégico, en concreto:

a/ criterios xerais

- É un proxecto tecnicamente completo, pois a documentación que se achega xustifica suficientemente a súa formulación.
- O proxecto é viable, tanto en termos de execución económica como social.
- Realízase a difusión e promoción do Camiño de Santiago



- Se contempla a difusión dos resultados acadados ante a opinión pública, contribuíndo deste xeito ao labor de sensibilización ao redor do Camiño de Santiago.
- A Asociación conta cunha ampla experiencia que garante a súa capacidade técnica, organizativa e de xestión para levar a cabo o proxecto a realizar.
- O apoio a esta Asociación redunda de maneira efectiva na conservación, recuperación e difusión do Camiño de Santiago e da cultura xacobeana en todo o territorio Español

b/ criterios específicos:

- A Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago agrupa a un total de 34 asociacións espalladas por todo o territorio español.
- Esta Federación co seu amplo labor e coas súas numerosas actividades contribúe notablemente ao incremento do fluxo de peregrinos, pois dende as diversas asociacións se realiza un labor de acompañamento dos peregrinos.
- Esta iniciativa do Camiño de Santiago Antártico salienta polo seu carácter novidoso e por implicar na súa execución a numerosos sectores sociais (como o militar e académico).
- Esta actividade posúe unha grande proxección e contribuirá á promoción do Camiño de Santiago tanto no territorio español como no estranxeiro.

O orzamento da actividade a financiar ao abeiro deste convenio é o seguinte:

Concepto	Importe
Gastos de Viaxe membros Federacion	1.000,00
Comidas, Ceas Fraternizacion y cocktail benvida a Santiago	3.500,00
Obsequios a distintas Entidades	1.000,00
Seguros Resp Civil Peregrinos	500,00
Diversos e apoio loxístico	1.000,00
Total	7.000,00

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo aboará a cantidade de 5.800 euros coa finalidade de ser atendidos parte dos gastos xerados con cargo aos orzamentos do ano 2016 e na conta contable 627 que se distribuirán segundo o exposto anteriormente. A achega so cubrirá o custe para o desenvolvemento das actividades sen que a Asociación poida obter beneficio algún polo mesmo.

A través deste convenio de colaboración establécese unha achega monetaria sen contraprestación da S.A de Xestión do Plan Xacobeo, o que se axusta á figura xurídica privada da doazón modal e que debe suxeitar aos principios de xestión contidos no artigo 5.2 e aos de información a que fai referencia o artigo 16, ao abeiro do disposto no artigo 3.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, e como quedou exposto máis arriba, a subscrición deste convenio e a achega que con él se obriga a realizar a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo garda relación directa co obxecto da actividade contido nos seus estatutos.

En Santiago a 10 de outubro de 2016

Rafael Sánchez Bargiela
Director-Xerente